

OS NOMES DA VACALOURA EN GALEGO

Manuel González González

Instituto da Lingua Galega - Universidade de Santiago

manuel.gonzalez.gonzalez@usc.gal

DESCRICIÓN E HÁBITAT

UN ESCARAVELLO DE GRAN TAMAÑO

A vacaloura é, xunto co capricornio (*Cerambyx cerdo*), o escaravello de maior tamaño de Europa. Pertence á Familia *Lucanidae*, que na Península Ibérica consta de nove especies, das que en Galicia temos cinco. De todas elas, sen ningunha dúbida, a vacaloura é a mais espectacular. Estes escaravellos déixanse ver habitualmente nos meses de verán, xa que comezan a saír das árbores onde viven en xuño e rematan coa reprodución a finais de agosto.

Unha das primeiras características que chama a atención é a diferenza entre machos e femias. Nestes insectos os sexos distínguense de maneira moi clara: o que máis chama a atención nos machos son as súas mandíbulas de gran tamaño, moito maiores ca as das femias, e que lles van servir como medio de loita contra os machos rivais. No seu estado adulto tamén existe unha notable

diferenza de tamaño: as vacalouras femias son mais pequenas ca os machos.

Imaxe 1: vacaloura macho e femia



Imaxe 2: vacaloura femia



REPRODUCCIÓN E FASES DO SEU DESENVOLVEMENTO

Despois dunha loita entre os machos, que pode durar horas, na que se traban cos cornos, e na que cada un intenta levar o seu opoñente fóra da árbore onde se están alimentando, o vencedor queda cunha parella co control do lugar, e expulsa tamén as outras femias. O macho e a femia poden permanecer xuntos varios días, practicamente sen se moveren, ata a fecundación. A femia pon uns trinta ovos nas fendas da cortiza dunha árbore seca e estes teñen a súa eclosión entre dúas a catro semanas despois da posta.

A larva deste insecto pasa entre tres e cinco anos alimentándose de madeira en descomposición, preferiblemente de frondosas, polo que adoita vivir en bosques onde hai abundantes carballos. Estas larvas son moi voraces: de tan só un gramo de peso, poden comer nun só día 22 centímetros cúbicos de madeira, de modo que alcanzan un notable tamaño e poden chegar aos 10 centímetros de longo. Neste período constrúen unha especie de

cámara ou berce pupal, maior a dos machos ca a das femias para que aqueles teñan espazo abondo para desenvolveren os cornos.

Os individuos adultos nacen xa no outono, pero non abandonan a cámara na que permanecen durante a fase de pupa ata que chega o verán, cando empezan a voar. As vacalouras non son moi aerodinámicas, pero o seu voo permítelles facer desprazamentos aéreos que poden acadar cerca de douscentos metros. No seu estado adulto chupan o zume de árbores frondosas, especialmente carballos e castiñeiros. As femias roen coas pinzas a cortiza e non adoitan ter problema para accederen ao zume, pero os machos teñen que buscar fendas abertas por onde flúa o zume. Tamén se alimentan do zume de froitas maduras. Na súa fase adulta teñen unha vida moi curta, e non adoitan pasar dos vinte días.

IMPORTANCIA ECOLÓXICA

A vacaloura contribúe ao enriquecemento do solo, mediante a formación do humus, tanto por medio dos seus detritos como pola súa alimentación, pois aliméntase de madeira descompsta de árbores coma os carballos ou os castiñeiros (amais do zume dalgúns froitos). A introdución abusiva de especies foráneas, especialmente o eucalipto, dificulta a súa alimentación. Pero este non é o único factor que pon en perigo a súa supervivencia: os lumes, a despoboación forestal, a excesiva limpeza das fragas (eliminando a madeira ‘morta’ para evitar a propagación dos incendios), e mesmo a súa captura para amuletos ou a súa venda para coleccionismo, son todos problemas que contribúen á diminución drástica do número de exemplares, tanto que a Unión Europea inclúe esta especie entre os artrópodos de interese comunitario para os que cómpre establecer zonas especiais de conservación. En Galicia, no 2016 foi declarada *Especie do ano* na Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, unha iniciativa que desenvolve o grupo Hábitat. Serven

de alimento a diversas aves, como os petos e outras aves nocturnas, aos ourizos cachos, aos teixugos, aos raposos etc.

A VACALOURA NA CULTURA POPULAR

A vacaloura é un dos insectos que máis pegada deixou na cultura popular de Galicia, e son moitas as crenzas populares ao redor das súas propiedades benéficas.

UNHA VACA TIRANDO DUN CARRO

Este escaravello de características tan especiais voa nas tardiñas de verán, e os rapaces, atraídos pola súa cornamenta e levados pola asociación co gando vacún á que levan os nomes de «vacaloura» e «escornabois», cázanos para xunguilos a carros de xoguete coma se fosen vacas ou bois.

AMULETO CONTRA O MAL DE OLLO E OUTROS PERIGOS

Os cornos, ou propiamente as mandíbulas do escornabois ou vacaloura macho, que ás veces tamén reciben o nome de «alicornios», sempre se consideraron amuleto profiláctico contra males e maxias, xa que arredan á persoa que os leva de ánimas, envexas, meigallos, mal de ollo, tangaraño, enganido, coxo e moitos outros perigos. Actúan coma unha arma defensiva, que ten un efecto protector, semellante ao que teñen os cornos dos animais domésticos ou os dentes cairos do porco e do xabaril ou os esporóns dos galos.

Como amuleto pódense levar no peto, ou pendurados do pescozo ou do pulso mediante unha cadea. Non hai moitos anos non era unha rareza ver en Galicia rapaces cun corno de vacaloura colgado como amuleto ao pescozo..

Os cornos de vacaloura non só protexen contra o mal de aire, senón que tamén serven para curalo en caso de collelo. Nalgúns lugares de Galicia, para curar o mal de aire, meten os cornos da vacaloura nun recipiente de barro cheo de auga dunha fonte que nunca secara e con esta auga lavan o doente unha vez ao día durante nove días.

COUTA A EPILEPSIA

Tamén está estendida a crenza de que os cornos de vacaloura están dotados de propiedades que protexen contra a epilepsia: un estoxo con raspaduras de corno de vacaloura serve para coutar os ataques desta doenza.

CURA MORDEDURAS DE ANIMAIS PERIGOSOS

A auga onde estivese a remollo unha vacaloura cura as mordeduras de animais perigosos. Lavando as mordeduras de serpe ou doutro animal pezoñento con auga na que estivese mergullado este animalíño algún tempo, a pozoña queda destruída e a ferida sanda.

PROTECCIÓN CONTRA RAIOS E TRONOS

Os raios e os tronos sempre produciron terror entre a poboación, e tamén se acode á protección da vacaloura para defenderse destes perigos: a cornamenta dunha vacaloura pousada nunha ventá protexe a casa dos posibles males que poida producir a caída dun raio.

AMULETO DE BOA SORTE

Na aldea de Franqueán, no concello do Corgo (en Lugo) usaban o corno esquerdo do escornaboís e a ala esquerda do morcego como amuletos de boa sorte.

FAI LEVEDAR A MASA

A auga onde estivese a remollo unha vacaloura ou onde se depositase un corno deste animal fai levedar mellor a masa do pan.

FAVORECE A PESCA

Na parroquia de Salcedo, pertencente ao concello de Pontevedra, segundo nos conta Rafael Quintiá (2015), os pescadores usaban os cornos do macho da vacaloura para favorecer a pesca.

O ANEL DE ALICORNE

Nunha xoiería de Lugo fabricábase o anel de alicorne, unha sortella de prata que pertencese a sete mulleres chamadas María, e que tiña engastado un cachiño de alicorne ou hasta de vacaloura, e ao que lle atribuían todas as grandes virtudes que posuía a cornamenta da vacaloura. Se se botaba na auga coa que se facía a masa para enfnar, coidábase que o pan levedaría máis axiña. Se se remexía a comida dos porcos coa man co anel de alicorne posto tíñase a certeza de que o cocho non enfermaría e de que quedaría liberado do maleficio que calquera persoa lle puidese botar na comida. Se o levaba posto un home ou unha muller, estes sentíanse protexidos do mal de ollo e de moitas outras doenzas.

O ECO NA LITERATURA

Destas crenzas populares faise eco a literatura, e atopamos referencias ás propiedades máxicas da vacaloura en escritores como Ramón Cabanillas (1951):

Non teño medo ós teus ditos
nin medo do teu meigallo
que ando cunha vacaloura
e catro dentes de allo

ou en Fermín Bouza-Brey (1922, p. 10):

Sabugueiro de folla repinicada...
collereiche un ramallo na madrugada...
Cocereiche con cornos de vacaloura
con fiuncho e con ruda dos arredores,
da ermida feituqueira da Virxe loura
pra facer un feitizo prós meus amores.

Na parroquia de Ardán, no concello de Marín da provincia de Pontevedra, Pérez Cid (1976, p. 174) recolleu a cantinela popular:

Vaca loira,
voa, voa
que che hei de dar
pan e sebola.
A sebola está no lar
e o pan no altar.
Vaca loira
voa, voa,
que che hei de faser un boliño
a porta e meu forniño [na porta do meu forniño]
sin codia e sin mioliño.

DENOMINACIÓNS EN GALEGO

AS FORMAS, A SÚA ETIMOLOXÍA E MOTIVACIÓN.

Tipo *vacaloura*

[baka'lowra]: A3, A5, A6, A7, C1, C5, C32, C36, C40, C48, L8,
L9, L11, L13, L14, L16, L18, L19, L21, L22, L23, L24,
L25, L26, L27, L28, L29, L30, L31, L32, L33, L35, L36,
L39, LE2, LE4, LE5, O1, O2, O5, O6, O7, O13, O14, O16,
O18, O20, O21, O22, O23, O24, O25, O27, O28, O29, O30,
P1, P2, P4, P5, P6, P7, P8, P10, P11, P12, P13, P14, P15,

P16, P17, P19, P20, P21, P22, P23, P24, P25, P27, P28,
P31, P33, Z3¹.

[baka'kowra]: A4, LE1

[baka'kowrja]: A1

[baka'jowrja]: A2

[baka'lojra]: L34, P18

[baka'lawra]: P12

[baka'lowro] (masc.): P21

Etimoloxía:

Trátase dunha palabra composta do substantivo *vaca* (< lat. *vacca*) e o adx. *loura* (<lat. *laura*). A identificación coa vaca débese, sen dúbida, á presenza dos cornos (a mesma motivación que está na base do nome do castelán *ciervo volante*). Parécenos innecesaria, pouco xustificada e sen un fundamento sólido a idea de Corominas (1980, s.v. *abeja*) de vincular o primeiro elemento *vaca* co celta**bekos* 'abella', sobre todo se temos en conta que na mentalidade popular é frecuente que se asocien determinados insectos ou animais pequenos con outros animais que desempeñan un lugar destacado na vida cotiá das persoas, como é o caso das vacas. O adxectivo *loura* aplícaselle porque adoitan ter unha cor castaña escura, tirando a vermella, como a da castaña madura.

Fonética:

Desde o punto de vista fonético cabe salientar a palatalización do L- inicial de *laura* en falas do galego de Asturias, coa palatal lateral:

¹ Estas referencias constituídas por unha letra (inicial do nome da provincia: C= A Coruña, L= Lugo, O= Ourense, P= Pontevedra, A= Asturias, Le= León e Z= Zamora) e un número correspóndense coas dos puntos do Atlas Lingüístico Galego (vid. infra o mapa «*Vacaloura* no ALGa»)

[baka'lowra], [baka'lowrja], e coa palatal central [baka'jowrja]. Tamén podemos observar os distintos resultados do ditongo au desta mesma palabra, desde a solución máis conservadora *au* [baka'lawra], pasando pola solución máis estendida no galego actual *ou*: [baka'lowra], [baka'lowra], [baka'lowrja], [baka'jowrja], ata formas que presentan a confluencia co ditongo *oi* [baka'lojra]. Por último cómpre salientar a presenza do iode epentético que se produce ocasionalmente nas falas máis nordorientais do galego en sílaba final acabada en -a: [baka'lowrja], [baka'jowrja].

Tipo *vacanegra*

[baka'nefra]: C18,

A denominación *vacanegra* responde á mesma motivación ca *vacaloura*. Por que *negra* e non *loura*? Aínda que se adoita dicir que as vacalouras son de cor castaña escura, a verdade é que a súa tonalidade varía duns exemplares a outros. Xeralmente os seus élitros ou alas son de cor castaña escura, pero a súa cabeza e o tórax son de cor negra. Existe, ademais, unha especie, o *Dorcus parallelipipedus*, de menor tamaño ca o *Lucanus cervus*, que adoita presentar unha coloración case negra en todo o corpo. O cualificativo que aparece na denominación *vacanegra* obedece, pois, ben á cor desta especie de menor tamaño, ou ben á cabeza e tórax do *lucanus cervus*.

Tipo *cabraloura*

[kaβra'lowra]: O10,

Outro animal doméstico muy familiar na vida rural é a cabra, dotada de cornos, o mesmo ca a vaca. Por iso, non é estraño que aparezan tamén denominacións deste insecto en que a base *vaca*

se vexa substituída por *cabra*, acompañada do mesmo adxectivo descritivo da súa cor: *cabraloura*.

Tipo *escornaboís*

[eskɔrna'βojs]: C9 (macho), C20, C26, C31, L1, L2, L3, L5, L12, L21, L34, O14, O19, O20, O23, O31, P21

[eskarna'βojs]: C14, C15, C19

[kɔrna'βojs]: C25

Tanto en *cornaboís* como en *escornaboís* hai dous elementos constitutivos claros, o primeiro *corn*a (<lat. CORNU) e o segundo *boi* (<lat. BOVE). Os cornos son un atributo característico dos *bois*, o mesmo que das vacas e das cabras, polo que podemos pensar nun paso **corn*a de *bois* > *cornaboís*. Pero non é de fácil interpretación semántica a denominación *escornaboís*: o verbo *escornar* (deixando á parte os seus usos figurados) ten fundamentalmente dous significados en galego: a) 'atacar con cornos'; e 'romper un ou os dous cornos'. Do que se derivarían varias posibles motivacións semánticas: 1. *»a vacaloura é un animal que ataca os bois»; 2. *»a vacaloura é un animal que rompe os cornos dos bois; 3.*»a vacaloura é un boi que rompe un ou os dous cornos». Esta última parece a interpretación máis plausible das tres. Daquela cómpre preguntarse: por qué a vacaloura perde un ou dous cornos? Poderíamos pensar que isto é debido á práctica xeneralizada de amputar un ou os dous cornos deste insecto para a súa utilización como amuleto. De ser así esta sería tamén a motivación presente na denominación *escornacabras*. Non se pode descartar tampouco que a denominación *escornaboís* sexa debida á presenza desta voz nalgunha canción infantil ou nalgunha fórmula máxica existente ao redor das crenzas sobre este animalíño.

Non se nos ocorre tampouco ningunha explicación para a remotivación que levou a substituír a voz *escornar* pola próxima foneticamente *escarnar*, a non ser que houbera algunha práctica que descoñecemos en que a vacaloura raspase a carne dalgún animal. Poderíase pensar nun sentido figurado de *escarnar* ‘separar [unha cousa] da parte mol ou superficial que a envolve ou recobre’ (por ex., *escarnar unha árbore*); e, daquela, a vacaloura sería o boi que *escarna* árbores coma os carballos ou os castiñeiros para chuparen o seu zume.

Tipo *escornavacas*

[eskɔrna'βakas]: 021 (ao lado de *vacaloura*). Denominación recollida por Vázquez Santamaría (1971, p. 33)

Nunha zona na que conflúen as áreas de *vacaloura* e *escornacabras* (vid. infra) non é estraño que se forme unha denominación mixta en que o elemento *cabra* se vexa substituído por *vaca*, presente en *valacoura*.

Tipo *escornacabras*

[eskɔrna'kaβras]: 08, 018, Z2

Formación paralela á vista en ESCORNABOIS, coa diferenza de que o segundo elemento constitutivo non é *boi*, senón *cabra* (<CAPRA).

Tipo *escornapitos*

[eskɔna'pitos]: C10

A forma recollida no ALGa é *esconapitos*, pero a denominación común na comarca das Mariñas da Coruña é *escornapitos*. Ou ben

se trata dun erro do enquisador, ou ben dunha pronunciación ocasional do informante.

Aínda que formalmente a formación *escornapitos* é semellante á que atopamos en *escornaboís* e *escornacabras*, a motivación semántica neste caso parece que é máis transparente, e que é debida á crenza de que as vacalouras poden aforcar os pitos coas súas mandíbulas.

Tipo *cornuda*

[kɔr'nuðas]: C46

Denominación totalmente transparente, que indica simplemente 'animal con cornos'. Do adxectivo latino CORNUTUS, -A, -UM 'que ten cornos'.

Tipo *corneteira*

[kɔrne'tejra]: P9

Outra formación emparentada con CORNU. Estamos ante un derivado de *corneta* + suf. *-eira* (<-ARIA). A voz *corneta* é tardía no galego, onde non se documenta ata o séc. XIX. Segundo Corominas (s.v. *cuerno*) probablemente sexa un cruzamento entre *corna* e *trompeta*, galicismo presente nas linguas hispánicas desde a Idade Media.

Tipo *carroucha*

[ka'rowtʃa]: P26, P29, P30, P32,

[ka'rowtʃo]: P26 (máis pequeno e cos cornos máis pequenos).

Voz que cómpre emparentar co port. *carocha* con que se coñece tamén nesta lingua o mesmo animal. A voz *carroucha* en galego designa tamén outros insectos, así como varios tipos de brezo e unha clase de algas. Estamos probablemente diante dun dos moitos descendentes da raíz céltica kar- ‘duro’. Aínda que neste caso tampouco podemos desbotar totalmente que se trate dunha voz continuadora do lat. cornúculu, a través dunha evolución *cornúculu (con repercusión da nasal) > *cornoncho* > **corroncho* (cfr. Fernando > Ferrando) > *carroncho* > *carroucho*. As variantes *-oncha*, *-oucha*, *-ocha* documéntanse para esta voz en distintos puntos de Galicia.

Tipo *cascudo*

[kas'kuʃo]: C8, C9 (femia)

[kasku'ʃoŋ]: C41

Denominación paralela a *cascuda*, nome co que xeralmente se coñecen algúns insectos de varias familias da orde Blattodea. Tanto *cascudo* coma *cascuda* indican ‘que está dotado de casca’, referíndose sen dúbida á cuberta máis ou menos dura que rodea o seu corpo. *Casca* é probablemente un derivado posverbal de *cascar* (do lat. vulg. quassicare ‘dar golpes, danar, romper’).

Tipo *furón*

[fu'roŋ]: L15

O nome *furón* está formado a partir do verbo *furar* ‘facer buratos’ (do lat. forare, co mesmo significado, con cambio de o a u probablemente por influencia de *furgar*). Este nome quizais estea motivado pola súa actividade predadora no interior dos troncos

das árbores, onde se aproveita fundamentalmente dos tecidos vexetais mortos.

Tipo *rumballón*

[rumba'lon]: L37

Rumballón é un substantivo relacionado co verbo *rumbar* ‘zunir, emitir un son xordo e continuo’, a partir do que se formou un frecuentativo *rumballar*. Sobre este verbo creouse o substantivo deverbal *rumballón*, que fai referencia probablemente ao zunido intenso que emiten os machos cando revolotean nas tardiñas de verán en posición erecta na volta das árbores. O verbo *rumbar* é de creación onomatopeica, e nada ten que ver co substantivo *rumbo* co significado de ‘dirección’.

Tipo *escaravello*

[eskara'βelo]: C39, C42, C45, P3, P18

[eskara'βejo]: C38, P17

Do latín vulgar *SCARAFAIUS, variante do lat. SCARABAEUS. Estamos ante un caso en que o nome xenérico co que se coñece calquera coleóptero se utiliza para denominar esta especie de coleóptero escarabeiforme pertencente á familia Lucanidae.

Tipo *escorpión*

[eʃkor'pjon]: C11, C12

O nome *escorpión* aplícase xeralmente ao alacrán, un arácnido dotado de pulmóns, de abdome longo dividido en seis segmentos e rematado nun aguillón co que pica e inocular o veneno.

O traslado do nome á vacaloura débese seguramente á semellanza que presentan as mandíbulas desta coas que las ou pinzas do escorpión. A palabra *escorpión* procede do lat. SCORPIONE, onde é préstamo do grego *σκορπίος*.

Tipo *macho*

[ma'tʃo]: 026

Denominación de documentación única, nunha zona en que o nome máis estendido é *escornabois*. Quizais se deba á imaxe de potencia que as fortes mandíbulas lles proporcionan aos exemplares de xénero masculino. Do lat. MASCULU, derivado de MAS, MARIS, equivalente do grego *ανδρος*.


Tipo *parraguesa*?

[para'wesa]: L38,

Probablemente se trate dunha información errónea por parte do informante deste punto do ALGa, quen confundiu a vacaloura coa «mantis religiosa» á que se aplica o nome de *parraguesa* nesa área meridional da provincia de Lugo lindeira con Ourense.

DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA

Imaxe 3: *Vacaloura* no ALGa²




Mapa elaborado cos datos do *Atlas Lingüístico Galego*

Neste mapa do ALGa podemos ver que hai dous tipos de denominacións que predominan de maneira moi destacada sobre as demais: son os tipos *vacaloura*, e o tipo *escornabois*. *Vacaloura* atópase por case todo o territorio de Galicia, se exceptuamos

² As denominacións *valaloura*, que aparecen na raia con Portugal na provincia de Ourense e Zamora designan unicamente a femia do animal ou ben outro animal semellante, a *Berberomeloe maialis*.

unha parte importante da provincia da Coruña. É esta tamén a denominación que atopamos en case todo o territorio do chamado galego exterior. Hai que salientar que no Sur de Ourense existe unha distinción de denominación do animal, segundo sexa macho ou femia, aplicándolle ao macho o nome de *escornabois*, mentres que a femia, polo menos nalgún lugares, se coñece como *vacaloura*, nome que nesta zona se adoita aplicar tamén á *Berberomeloe maialis*, coa que ten certa semellanza a femia do *Lucanus*.


Imaxe 4: Tipo *vacaloura*



Mapa de elaboración propia, a partir de informacións extraídas de diversas fontes

O tipo *escornabois* atopámolo fundamentalmente na parte centrooriental da provincia da Coruña, no norte da de Lugo, e na maior parte do territorio de Ourense.

Imaxe 5: Tipo *escornaboís* e denominacións emparentadas



Mapa de elaboración propia a partir de datos do ALG e doutras fontes dialectais

No centro da provincia da Coruña, en contacto coa área de *escornaboís*, encontramos a denominación *cornuda*, onde tamén figura a base *cornu*. O tipo *carroucha*, *carroucho* encóntrase unicamente no extremo meridional da provincia de Pontevedra. As outras denominacións non ocupan áreas territoriais continuas que poidamos considerar relevantes.

CONCLUSIÓN

Vimos como a vacaloura, debido ao seu tamaño (é o escaravello de maior tamaño que se coñece en Galicia) e, sobre todo, aos seus grandes cornos, produciu un fondo impacto na mentalidade popular, e atribúenselle poderes case máxicos, tanto como defensa contra posibles males que lle puideren acontecer a unha persoa como para producir efectos beneficiosos de todo tipo. Recibe numerosos

nomes en galego, pero os principais están relacionados directa ou indirectamente coas súas mandíbulas en forma de cornos, que son a base motivacional de denominacións como *cornuda*, *corneteira*, *escornaboís*, *escornavacas*, *escornacabras*, *vacaloura*, *vacanegra*, *cabraloura*... Outras motivacións denominativas importantes son a dureza da cuberta que rodea o seu corpo, que está na base dos nomes *carroucha*, *carroucho* e *cascudo*, e os seus hábitos e comportamento, que explican nomes como *furón* ou *rumballón*. Debido á utilización dos seus cornos como amuleto, e á progresiva deforestación de especies autóctonas que constitúen o seu hábitat natural, as vacalouras estanse vendo seriamente ameazadas, e están necesitadas de zonas de especial conservación.

REFERENCIAS

ALGa = García, Constantino; Santamarina, Antón; Álvarez Blanco, Rosario; Fernández Rei, Francisco; González González, Manuel. **Atlas Lingüístico Galego: I Morfoloxía verbal** (1990), **II Morfoloxía non verbal** (1995), **III Fonética** (1999), **IV Léxico. Tempo atmosférico e cronolóxico** (2003), **V Léxico. O ser humano (I)** (2005), **VI Terra. Plantas e árbores** (2015), **VII Léxico. O ser humano (II)** (2020). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1990-2020

BOUZA-BREY, Fermín. «Pra facer un feitizo». **Nós**, n. 12, p. 10, 25 ago. 1922.

CABANILLAS, Ramón. **Antífona da Cantiga**. Vigo: Galaxia, 1951.

COROMINAS, Joan; PASCUAL, José A. **Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico**. Madrid: Gredos, 1980.

PÉREZ CID, Ramón. **El habla de Marín**. Tese de doutoramento. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1976.

QUINTIÁ PEREIRA, Rafael. **Patrimonio inmaterial de San Martiño de Salcedo**: Lendas, historias e crenzas. A Coruña: Editorial Sacauntos, 2015.

RISCO, Vicente. Apuntes sobre el mal de ojo en Galicia. **Revista de Dialectología y Tradiciones Populares**, v. XVII, p. 66-92, 1961.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio. **Diccionario enciclopédico gallego-castellano**. Vigo: Galaxia, v. I (1958), v. II (1960), v. III (1961).

RODRÍGUEZ LÓPEZ, Jesús. **Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares**. Lugo: Ed. Celta, 1974.

TLPGP = ÁLVAREZ, Rosario (coord.): **Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués**. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. Disponible en: <http://ilg.usc.es/Tesouro>. Acceso en: 6 abr. 2022.

VÁZQUEZ SANTAMARÍA, María Ester. **El habla de La Gudiña**. Memoria de Licenciatura. Santiago: Universidade de Santiago de Compostela, 1971.